



**CONVOCATORIA DE ELECCIÓN**  
**DOS REPRESENTANTES DOS PAIS, NAIS OU TITORES/AS LEGAIS DE ALUMNADO**  
**NO CONSELLO ESCOLAR**

De conformidade co establecido na *RESOLUCIÓN do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG, 18/09/2024)*, a XUNTA ELECTORAL deste centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PAIS, NAIS OU TITORES/AS LEGAIS DE ALUMNADO**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no Decreto 92/1988, do 28 de abril (DOG, 29/04/1988), modificado polo Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG 09/09/1996), corresponde elixir no presente proceso electoral a **dous** pais, nais ou titores/as legais do alumnado dun total de cinco que debe ter o Consello Escolar. O quinto representante é proposto pola ANPA.
2. Son electores todos os pais, nais ou, se é o caso, os titores/as legais do alumnado matriculado no centro e incluídos no censo correspondente, que a partir do día de hoxe estará exposto na Secretaría do centro. As reclamacións ao referido censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14'00 horas do día 30 de outubro.
3. Son elixibles os pais, nais ou, se é o caso, os titores/as legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na secretaria do colexio. As candidaturas poderán ser presentadas ata as 14'00 horas do citado día 30 de outubro.
4. O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os pais, nais ou titores/as legais que non se presenten como candidatos, o día 05 de novembro, ás 17'00 horas. Dita mesa electoral estará composta polo director do centro, que actuará como presidente, e catro pais, nais ou titores legais, actuando de secretario/a o/a de menor idade.
5. A campaña electoral comprenderá dende o 05 ao 17 de novembro, ambos os dous días inclusive. As dependencias e servizos do centro estarán a disposición das persoas candidatas, previa petición ao presidente da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do colexio. O día 18 de novembro, véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.
6. Poderán actuar como supervisores da votación os pais, nais ou titores/as legais do alumnado matriculado no centro que sexan propostos pola ANPA ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola firma de 10 electores.



- 7.** As votacións realizaranse neste colexio público o **día 19 de novembro, de 16'30 a 18'00 horas**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 16'15 horas.
- 8.** Na papeleta de votación cada elector fará constar un máximo de **un** nome das persoas candidatas presentadas, debendo acreditar a súa personalidade á hora de votar, mediante exhibición do D.N.I. ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegable e non se admitirá o voto por correo.
- 9.** Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o/a titor/a legal do alumnado.
- 10.** Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para seu envío á Xunta Electoral do centro.
- 11.** A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Betanzos, 22 de outubro de 2024  
O PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL

Asdo.: Alejandro Sánchez Amado

